

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	DUMBRÍA
Edificio	Igrexa de Santiago de Berdeogas
Dirección	A Grixia, s/n. 15151
	43.032102438914016 -9.102902807669055
Protección	
Descricion	<p>Esta igrexa posúe unha planta de salón formada por unha soa nave e unha capela maior; a sancristía está apegada ó muro sur do presbiterio co que comunica directamente. A nave posúe a mesma anchura cá capela maior e está separada desta por medio dun arco triunfal volteado sobre pilastras. Cóbrese con bóveda de formigón armado.</p> <p>Dúas pequenas capelas aparecen abertas ó interior no muro sur da nave, así como un baptisterio. No muro norte aparecen outras dúas capelas apegadas. Un coro alto construído en madeira sitúase ós pés da nave.</p> <p>Unha bóveda de canón reforzada por un arco faixón cobre o presbiterio e, nembargantes, a nave aparece cuberta cunha bóveda de canón realizada con formigón armado. toda a edificación presenta ó exterior unha gran definición dos seus volumes constructivos, a través dos que podemos observar as catro capelas, a ábsida e maila nave. Os muros desta edificación relixiosa están percorridos por unha cornixa formada por unha moldura con tres linteis graduados.</p> <p>Unha gran torre de fermosa factura coroa toda esta fachada pentagonal que está estruturada mediante a superposición de porta, van fornela e torre.</p> <p>A porta, formada por un arco de medio punto, acolle un van alintelado, de luz rectangular e a fornela está formada por un arco de medio punto. Nela aparece unha escultura de vulto redondo que representa ó santo titular da igrexa.</p> <p>O corpo principal da torre que acolle as campás ten planta cadrada e coróase cunha cupuliña.</p> <p>O retablo neoclásico do século XIX que preside esta igrexa consta de dous corpos, dos que sobresaie o segundo, que acolle a imaxe do Apóstolo Santiago con indumentaria de peregrino. Esta talla é barroca e pertenceu ó anterior retablo maior, tamén de estilo barroco.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	12
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
Data	08-02-2022

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	<u>Menor.</u>	<u>PALACIO, DÁMASO</u>	1838	60	125
Torre-campanario	<u>Maior.</u>	<u>LISTE PEREIRAS, JUAN (PARROQUIA DE ORAZO)</u>	1886	75	244

Información completa: [Igrexa de Santiago de Berdeogas - DUMBRÍA \(GALICIA\)](#)

PDF (01-06-2026)